


The background of the entire image is a dark, textured field, possibly black or very dark grey. Overlaid on this field are numerous white, hand-drawn or scribbled lines. These lines vary in thickness and form, including long, sweeping curves, sharp angles, and some straight segments. The overall effect is one of dynamic, chaotic movement. The word "NOVISSIMOS" is printed in the bottom right corner in a white, serif font.

NOVISSIMOS

Conse lleiro de Cultura e Benestar Social:

ALEXANDRINO FERNÁNDEZ BARREIRO

Directora Xeral de Cultura e do

Patrimonio Histórico - Artístico:

RAQUEL CASAL GARCÍA

Subdirector Xeral de Cultura e

Patrimonio Histórico - Artístico:

VÍCTOR M. CABRERA SÁNCHEZ

Alcalde de Ferrol:

JAIME QUINTANILLA ULLA

Concellal de Cultura de Ferrol:

EDUARDO FRA MOLINERO

Ficha Técnica da Exposición:

Comisarios:

PATRICIA VARGAS FERNÁNDEZ

BERNARDO CASTELO ÁLVAREZ

Coordenadores:

PILAR CORREDOIRA LÓPEZ (Xefa do Servizo de
Museos e Artes Plásticas)

JAVIER LOSADA AZPIAZU (Concellal de Coruña)

FRANCISCO SANTOMÉ VÁZQUEZ (Concellal de Vigo)

Colaboradores:

ROMÁN PEREIRO

XOSÉ RAMÓN LÓPEZ CALVO

CELSA RODRÍGUEZ

Prensa:

XOSÉ LORENZO

Fotografía:

RODRIGO R. ARDA

Montaxe:

DOLORES CERVERA VÁZQUEZ

SEGUNDO RASCADO

JUAN LORENZO REGAL

Video «Novísimos»:

PABLO IGLESIAS / MANEL RODEIRO(Música)

JUAN LEIRAS / PABLO IGLESIAS (Imaxens)

ALBERTE PERMUY (Idea Vertical)

Deseño e Fotocomposición:

PERMUY - Santiago de Compostela.

Imprime:

Artes Gráficas «VELOGRAF S.A.» - Santiago 1986.

Dep. Leg. C - 755 / 1986.



Xulio:

FERROL. Auditorio Municipal.

Outono:

SANTIAGO de COMPOSTELA.

Casa da Parra.

Novembro:

VIGO. Sala Municipal.

Decembro:

CORUÑA. Sala Durán Loriga.

BERTA ÁLVAREZ

GUILLERMO AYMERICH

X. BARREIRO «XOBABA»

LORETO BLANCO

M.^a LUISA CANDAL

BALDOMERO CORES

XOÁN BOSCO CORIDE

LOIS CORVERA

HAYDEE ESTEVEZ

ANTÓN FERNÁNDEZ

GONZALO F. SARASQUETA

M.^a DO CARME FRANCO

MONTSE GAY

XURXO GOMEZ CHAO

MONTSERRAT GUTIERREZ

EVA HERNÁNDEZ

XOSÉ MANOEL LEDO

M.^a DOLORES LÓPEZ

MARÍA LÓPEZ RUIDO

M.^a SABELA MENDEZ

MIGUEL MENENDEZ

LOIS MOREIRA

ANTÓN X. MURADO

X. OTERO IGLESIAS

EULOXIO PENAS

CARME PÉREZ «PAMEN»

LOIS PÉREZ VEGA

UQUI PERMUY

M. ANTÓN PIÑEIRO «PINKY»

ANTÓN PREGO

XAVIER RIOMAO

FEMY RODERO

XOSÉ SALGADO

DIGNA SÁNCHEZ

FRANCISCO VARGAS

ROSA VAZQUEZ

XOSÉ L. VILARIÑO

NOVISSIMOS

PR

CON esta publicación que recolle a obra dos NOVÍSSIMOS artistas, a Consellería de Cultura e Benestar Social ó traveso da Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico - Artístico, quere contribuir á incorporación dos xóvenes creadores ó conxunto das artes plásticas de Galicia.

Ainda cando os xóvenes eiquí presentados, máis dunha trintena no seu conxunto, están ó comenzo da súa traxectoria, parécenos oportuno incluílos dentro dos habituais circuitos artísticos.

Todos eles sintetizan dalgún xeito o potencial creador da «arte xoven» que en pleno proceso de afirmación ven a representa-lo futuro dunha xeneración, a da presente década, prometedora e continuadora.

A nosa enhorboa ó Concello de Ferrol pola iniciativa de agrupar a este pequeno colectivo de xóvenes artistas que, dende diferentes posturas de traballo (Escolas de Belas Artes, Artes e Oficios, experiencias autodidactas) están a escomeza-la súa andadura.

A Dirección Xeral de Cultura e
do Patrimonio Histórico - Artístico

NOVÍSSIMOS

Os cinco primeiros anos da década dos oienta, supuxeron para Galicia unha verdadeira ruptura histórica dende a perspectiva das Artes, constituíndose no máis importante período de renovación plástica da segunda metade de século.

Renovación que non só tivo como asentamento básico o traballo dos autores, senon que ven definida tamén pola aparición de novas formas de acceso ó público, das propostas elaboradas por aqueles. Incorporada repentinamente a dinámica mais actual da socioloxía artística, Galicia viu substituír a exposición da mostra colectiva, a crónica, a reseña, pola crítica especializada, promoveu dende a sensibilidade e o interese institucionais a aparición de novos circuitos artísticos, substituíu o premio local pola eficaz xestión do «marchante» e asistiu o nacemento dun colectivo incipiente, pero firme, aberto as innovacións.

Sin embargo, o panorama da contemporaneidade galega esixe o afianzamento definitivo dos resultados desta mutación cultural e a súa conversión no feito, superando o que aínda queda de simple acto, para que a ruptura dos anos oienta non sexa contemplada ó traveso do tempo como un episodio efímero, senón como un feito transcendente e perdurable.


O recoñecemento, tanto nacional como internacional, da renovación plástica galega, refrendou definitivamente a importancia dunha xeneración de artistas que, a pesar da súa xuventude, pode ser definida, sin apoloxías fáciles, como consagrada. Pero ese mesmo recoñecemento implica que a súa función rupturista foi xa realizada, da mesma maneira que esixe ós responsables a obriga de continuar creando, de permanecer, de perdurar.

E necesaria pois, a continuidade fértil do esforzo renovador practicado ó inicio da década, como tamén o é a comprobación das súas herdanzas, as influencias ou as reaccións, as asimilacións ou os rechazos que aquel poida provocar.

A resposta virá dada sen dúbida algunha a través de cantas expresións propoñan cada un dos integrantes desa inxente cantidade de galegos dispersos, afogados en circuitos marxinais, a pesar da calidade e da potencialidade dos seus discursos plásticos. A partir deses autores noveles caracterizados por un feito común: a súa dificultade de acceso ós circuitos establecidos xa, de recoñecemento artístico.

É por elo, que se concibiu a idea de NOVÍSSIMOS.

Co único obxectivo de constituir un soporte permanentemente aberto a tódolos xóvenes artistas galegos diseminados por España, e incluso fora dela. Soporte, que non plataforma. Punto de apoio, que non compromiso promocional. Escapate de alternativas, nome —tradicionalmente aplicado os poetas noveles— que quere adequirir, neste caso, un significado diferente.



NOVÍSSIMOS pretende ser a equiparación de poéticas individualizadas ou colectivas, a formulación de sintaxis incipientes capaces de conformalo abecedario dunha renovación plástica galega en continuo estado de investigación, con vocación universal e encamiñada ó futuro inmediato.

Por elo, planteouse, nesta primeira edición, como unha mostra de obras capaces de dar medida da activade creadora daqueles galegos, que sendo estudantes de Belas Artes, de Artes Aplicadas e Oficinas Artísticas, incluso de Institutos, ou definíndose simplemente como autodidactas, poidesen apunta-lo arranque dalguñs dos camiños polos que han de discurrir as Artes en, ó menos, os próximos cinco anos.

Tres cidades uníronse para facer posible a reunión de cantas propostas fosen recibidas: FERROL, A CORUÑA e VIGO, constituíndo con elo unha especie de «frente costero» común, capaz de dinamiza-las marcas artísticas galegas contemporáneas, de tal maneira que a primeira gran oleada de principios da década, non deixase solitarios tesouros no seu rompente, senón que arrastrase novas riquezas recollidas, agora, «tierra adentro».

Galicia, desprovista nalgún momento da convocatoria de NOVÍSSIMOS de estruturas históricas, e incluso de imitacións actuais das mesmas, capaces de exercer-lo seu dictado sobre a plástica, conta ca grande ventaxa de dispor de total liberdade para experimentar con calquer tipo de linguaxe.


Coñecedora tamén do perigo de constituírse en remedo de mecenas, en promotora de novas formas de arte aulico, e preferindo o papel menos determinante de simple apoio a expresións artísticas dunha transcendencia que ha de ser patrimonio do traspaso do tempo, da evolución estilística, da aceptación do mercado, e, basicamente, do papel histórico, ético e estético dos seus promulgadores, a triloxía FERROL - A CORUÑA - VIGO, puxo nas mans de historiadores de Arte, Directores de centros de exposición e Galeristas, a responsabilidade da configuración desta primeira edición de NOVÍSSIMOS, comprometéndose a facela itinerar, fosen cales fosen os seus resultados, aínda ca absoluta convicción de que a resposta á convocatoria obtería un resultado, indiscutiblemente cualitativo. A calidade de todos e o sentido interdisciplinar de moitos dos creadores presentes en NOVÍSSIMOS deu a razón ós promotores.

Autores capaces de abordar linguaxes e poéticas tan diversas como as correspondentes ó vídeo, a pintura, a escultura ou a serigrafía, en moitos casos dispostos a expresarse a partir de soportes magnéticos, industriais, da pedra, da madeira ou o cartón; de textos comerciais e de metais sen renunciar as máis tradicionais fórmulas de preparación do lenzo. Xóvenes que resoven coa mesma frescura os formatos grandes, que o máis portátil caballete, que saben combina-las posibilidades expresivas de materias orgánicas, co óleo, os acrílicos, as ceras ou os esmales. NOVÍSSIMOS que optan pola abstracción ou pola figuración libre, que non renuncian a influencias nin da propia Historia do Arte, nin dos máis xóvenes consagrados, da mesma maneira que tampouco rehusan expresa-la máis radical diferenza respecto a todo elo; que da mesma maneira recorren a iconos ou a fórmulas habituais na Historia da Pintura, que a signos emblemáticos, ou simplemente decorativos... Esta primeira edición de NOVÍSSIMOS é, en definitiva, a agrupación de individualidades, de mulleres e homes, xóvenes, galegos, capaces de asimilar sin complexos resonancias estilísticas axenas e de inventarse sinais que co paso do tempo e a elaboración e investigación minuciosas poderán construír renovadores discursos plásticos.


A vocación de permanencia de NOVÍSSIMOS, traduciríase na súa convocatoria anual perante dúas edicións sucesivas a celebrar nos anos 1987 e 1988, respectivamente, pasando a constituírse en Bienal, a partir de 1990. Con elo Galicia contará no sucesivo ca alternativa de mostras encamiñadas a afianzar e promove-lo xa rico mundo artístico actual a partir dun punto de apoio para a renovación continuada, e que en sí mesmo é xa renovador. A responsabilidade dos seus resultados corresponde pois, a tódolos e cada un dos artistas concurrentes no futuro.



Montserrat Gutierrez Valerio.
Naceu o 16 de xullo de 1960 en Ferrol.
Estudios de Belas Artes na Facultade
de 'San Carlos de Valencia'.



«Paganini».



EDITA:

DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA
E DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E BENESTAR SOCIAL